

FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 10

MARÍA
MARIÑO CAROU

L
E
T
R
A
S



G
A
L
L
E
G
A
S



17-05-2007

C.E.I.P. MONTEMOGOS
BELUSO

ÍNDICE



EDITORIAL	2
MARÍA MARIÑO	3
EDUCACIÓN INFANTIL	5
ENTROIDO	8
A AUCÁ	10
CURIOSIDADES	12
LENDAS DE BUEU	14
TRABALLOS LITERARIOS:	17
CONTOS	17
POESÍAS	22
ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN	25
CARTA DAS ANTÍPODAS	29
POBOACIÓN E INDUSTRIA DE BUEU	34
MITOLOXÍA	37
UN PLANETA EN PERIGO	42
CÓMICS	45
A PEÑA DOS COTILLEOS	53
PASATEMPOS	54



EDITORIAL

Nós, os alumn@s de 6º, despedímonos neste **FIADEIRO** do noso colexio e de toda a comunidade escolar co gallo do DÍA DAS LETRAS GALEGAS, dedicado este ano 2007 a MARÍA MARIÑO CAROU.

Como xa falta pouco para que remate o curso, gustaríanos dar as **grazas** pola axuda recibida ó longo destes anos.

Desexamos que os nen@s que veñen detrás sigan escribindo para o periódico escolar, xa que a vosa cooperación é moi necesaria.

ÁNIMO!

GRAZAS!

*Noso compañeiro,
FIADEIRO de fiar.*

ATA SEMPRE!

*En silencio vai fiando
e tamén é verdadeiro
cando roda traballando,
sendo alegre compañeiro,
o noso tempo vai marcando.*

MARÍA MARIÑO CAROU

No ano 1907 naceu en Noia María Mariño Carou. Filla de Xosé María Mariño e Filomena Carou. A súa xuventude está moi marcada polas dificultades económicas da súa familia e o comezo da guerra civil. Por ditos motivos trasládase a Boiro, cousa que lle permite un primeiro contacto coa literatura. Unha tía súa traballaba no pazo de Goián onde había unha importante biblioteca que María frecuentaba. De nena faltaba moito o colexio porque tiña que coser. Algúns chamábanlle de forma cariñosa “a costureira”.



María Mariño Carou casou en Boiro con Roberto Posse Carballido (mestre). Trasládase ó País Vasco e alí pasa un curto período de tempo. Regresa a Galicia e, por motivos de traballo, instálase en Romeor do Courel e máis tarde en Parada onde reside ata a súa morte. Durante a súa estancia no Courel, María Mariño tivo unha importante relación con figuras da cultura galega como Manuel María, Uxío Novoneyra, Ramón Piñeiro etc.

Era unha muller sensible, reservada e solitaria. No ano 1957 iníciase como escritora. En 1963 publícase *Palabra no tempo* na colección "Tesos Cumes" da editorial Celta. Xa no ano 1990 publícase *Verba que comeza* no que se recolle unha ampla mostra de poemas escritos por María Mariño no último ano da súa vida. Este libro desperta a atención da crítica e de outros poetas, aínda que o público en xeral apenas o percibiu. É autora tamén de dous libros en castelán

titulados “*Los años pobres. Memoria de guerra e postguerra*” e “*Más allá del tiempo*”. No ano 1994 Edicións Xerais publicou a *Obra Completa*.

O 19 de maio de 1967, María Mariño, morre como consecuencia dunha leucemia que padecía. Os seus restos mortais repousan no cemiterio de Seoane do Courel.

*Son a suma total
daquel que foi medindo
a pegada aquela que non digo,
pegada que soia se puxo o seu nome.
Son resta da esperanza -diferencia
quedou-
Multiplicada xa nacín,
pra qué dividirme agora?*



A entrevista que lle fixeron a Visitación Vila García sobre a figura de María Mariño e que mostramos a continuación pode aclararnos algúns dos aspectos da súa vida e personalidade.



Entrevista:

- **Que relación a unía a María Mariño?**

- Ela era a madriña da miña voda. Eu sempre lle chamaba Doña Maruja pero ela quería que eu lle chamase madriña.

- **Como se coñeceron?**

- Eu ía á escola na que o seu home era o profesor. Coñecina cando o seu non podía darnos clase, era ela a que nos daba clase no lugar do seu home.

- **Como era a súa personalidade?**

- Era moi boa persoa, moi alegre e simpática.

- **Como era fisicamente?**

- Era moi guapa e tamén moi elegante.

- **Ela estaba a gusto aquí?**

- Estaba moi a gusto, non botaba nada de menos. Creo que se non fose pola súa enfermidade quedaríase aquí para sempre.

- **Como era a relación de María Mariño coas persoas da escola e do lugar?**

- Era moi boa, Todos a queríamos moito. Cando morreu todos levamos moita pena.

- **Que facía , que cousas lle interesaban?**

- Ela o primeiro que facía antes de baixar á escola era o xantar para ela e para o seu home. Logo como sempre baixaba á escola e falaba con nós, tamén nos explicaba moitas cousas. Logo no tempo que tiña libre reuníase con Eugenio e falaban un pouco e escribían as súas poesías.

- **Viuna algunha vez escribindo poesía. Como o facía?**

- Nunca a vin escribindo, sempre o facía cando estaba Eugenio.

- **Tivo fillos no seu matrimonio?**

- Non, eles non tiñan fillos, que eu saiba só tiñan dous sobriños.

- **Como entablou relación con Uxío Novoneyra?**

- Vivían moi cerca, e Eugenio ía moitas veces á escola para falar con ela. Outras veces era ela a que ía a casa de Eugenio e alí escribían poesías os dous xuntos.

- **Como foi a súa morte? Como enfrentou a súa enfermidade?**

- Ela tiña unha enfermidade moi mala. Recordo e sempre recordarei que morreu nos brazos do seu home. Enfrontou a súa enfermidade moi ben. Sempre me pedía un cacho de toucín, porque dicía que iso lle axudaba a curarse. Aínda que ela coa súa enfermidade xa non comía moito.

- **Levaron os seus restos de aquí?**

- Queríanos levar, pero de momento os seus restos están no cemiterio de Seoane.

6º B.



EDUCACIÓN INFANTIL

A LENDA DE SAN XURXO E O DRAGÓN

Había unha vez un
dragón que vivía nunha
cova.

Todos os do pobo
dábanlle ovellas ó
dragón para que non
comera a xente





Como se acabaran as
orellas e non sabían
que darlle de comer,
fixeron un sorteo.

Tocoulle á princesa
Os reis estaban tristes
porque non tiñan
mais fillos

Levaron a princesa á cova
para que a comera o dragón
e apareceu un cabaleiro
cunha lanza moi grande,
armadura, espada e un
cabalo branco



San Xurxo traeulle
unha lanta ó dragón

Do sangue do dragón naceron
rosiñas vermellas e san Xurxo
colheu unha e deulla á Princesa

A xente berraba:
viva San Xurxo!



ENTROIDO 2007

Este ano, no Entroido, disfrazámonos de **INVENTOS**. Cada clase elixiu un e fixo o seu disfrace.



En Bon foron de teléfonos.




Os de Cabalo, de enerxía eólica.



En Curraces elixiron os reloxo.




Os de primeiro, que somos nós, de radios.



Os de segundo foron de cafeteiras.





Os de terceiro ían de fregonas.



En cuarto elixiron ir de lavípran.



E os maiores, de quinto e sexto, fixeron os disfraces de robots.



Pasámolo moi ben facendo os disfraces e despois no desfile por Beluso e na festa do Colexio.

1º Nivel.

A AUGA

Hola! Eu son **Sergio**, o delegado de 2ºA. Os meus compañeiros e máis eu imos falar nesta ocasión da **auga**.



Sabiades que tres cuartas partes da Terra están cubertas de auga?

- **Carlota:** Si, é certo. A auga é un líquido que non ten sabor, nin cor, nin olor. A auga pode estar de tres maneiras

líquida, como a que bebemos, **sólida**, como o xeo e **gasosa**, como o fume dunha onda.

- **Anxo:** A maior parte da auga que hai na Terra está no mar. A auga do mar é salgada e alí viven moitos animais e plantas. Os mariñeiros pescan nel o peixe que comemos.

- **Clara:** Si. E polo mar navegan barcos cargados de cousas.

- **Yerón:** Siiii! De cousas negras, negras.

- **Sergio:** Yerón, que non che toca a ti!

- **Yerón:** E logo, non podemos falar do Prestige?

- **Andrea:** Non! Que me toca a min. Os ríos fórmanse coa auga da chuva ou da neve derretida. Esa auga baixa en



torrentes das montañas formando regueiros que se convertirán en ríos que van ao mar.

- **Sergio:** Que non se che olvide nomear aos animais que viven neles

- **Andrea:** Vou. Nos ríos viven as troitas, os salmóns, as cobras, as nutrias, os cangrexos ou as ratas. E tamén moitas plantas.

- **Sergio:** A ver, quen ía dicir como se forman os lagos?

- **Clara:** Eu. As veces a auga que baixa das montañas queda nas partes baixas da Terra e forma os lagos.

- **Nerea:** Os lagos teñen auga doce?

- **Clara:** Hai lagos de auga doce e de auga salgada. Nos lagos viven animais e tamén plantas. As lagoas son lagos pequenos.

- **Sergio:** Saray, ti non tiñas que falar das augas subterráneas?

- **Saray:** Si. As augas subterráneas son as que están debaixo da



Terra. Estas augas veñen da chuva que se filtra polo chan. Ás veces as augas subterráneas saen fóra como chafariz.

- **Yerón:** Quen te verá a ti co caldeiro.

- **Sergio:** Yerón, agarda o teu turno! Lorena, explícanos como se forman as nubes antes de que a este se lle ocorra outra cousa.

- **Lorena:** As nubes fórmanse coa auga do mar que sobe en forma de vapor ao ceo cando hai moita calor. Cando as nubes enfrían convértense en pingas de auga. As pingas caen á Terra formando a chuva.

- **Serafín:** E cando hai moito frío a auga convértese en xeo. A neve é auga que baixa das nubes en forma de folepas. No Polo Norte e no Polo Sur hai montañas de xeo. Gracias ao xeo dos polos a Terra



non requenta.

- **Sergio:** Yerón, tócache.



- **Yerón:** Amén. A min interésanme os animais. Sabiades que na auga viven moitos animais e plantas porque ten osíxeno? Nembargantes, hai seres que non poden respirar debaixo da auga, como os humanos. Algúns animais viven tanto na Terra como na auga, como as rás, os tritóns ou algunhas cobras. Os peixes, en cambio, só poden vivir dentro da auga.
- **Lorena:** E que pasa coa auga que bebemos?
- **Yordi:** Iso tócame a min. A auga que bebemos na casa ou a que usamos para lavarnos ven encanada desde os encoros.
- **Arón:** Dos encoros encárgome eu. Os encoros son depósitos onde se almacena a auga que vén dos ríos. Serven para loitar contra a sequía.
- **Yeron:** Quen fixo o da corrente eléctrica?
- **Sergio:** Eh! Que o delegado son eu! Daniel, tócache.
- **Daniel:** A forza da auga pode producir corrente eléctrica. As lámpadas, os televisores, as cociñas ou os frigoríficos funcionan coa corrente eléctrica. A auga dos encoros baixa con tanta forza que fai mover os motores que producen a corrente eléctrica.
- **Sergio:** A auga tamén pode ser utilizada para curar, non si, Nerea?
- **Nerea:** Si. Algunhas augas son boas para curar a dor de barriga, as feridas ou os catarros, porque teñen sales e outros minerais. A auga tamén serve para divertirse como a dos parques acuáticos.
- **Sergio:** Alex, dinos algo dos sumidoiros.
- **Alex:** Os sumidoiros das casas van dar aos ríos ou ao mar. O lixo dos sumidoiros contamina a auga, así que, ahí non poden vivir nin peixes nin plantas. Nalgunhas cidades hai depuradoras que limpan as augas dos sumidoiros antes de vertelos no mar ou no río.
- **Sergio:** Como podemos aforrar auga?
- **Saray:** Pechando as billas despois de usalas.
- **Arón:** Duchándonos, gastamos menos auga ca bañándonos.
- **Yordi:** Non botando lixo nos ríos nin no mar.
- **Anxo:** Temos sorte, vivimos nun sitio de moita chuvia, así que, auga temos bastante.
- **Serafín:** Aquí en Bueu, si. Pero noutros sitios hai xente que non ten auga nas súas casas.
- **Daniel:** Como en África.
- **Sergio:** E todo isto fixémoslo para?
- **Alex:** Para que non gastemos tanta auga.
- **Clara:** E tamén por se nos fai falla este verán, ou non lembrades como ardía Galiza o ano pasado?


2º A.



CURIOSIDADES. SABÍAS QUE ...


OS ELEFANTES

Sabías que... os elefantes beben uns 130 litros de auga por día e consumir uns 130 quilos de vexetación, e que os elefantes adultos son capaces de absorber de oito a dez litros de auga cada vez que aspiran auga coa trompa?




Manuel 2º B

AS CEGOÑAS



Sabías que... as cegoñas voan a unha velocidade aproximada de 75 km/h e a uns 1.500 metros de altura e que pode chegar a alcanzar os 3.500 metros?

Ademáis se chegaron a atopar máis de 1.000 saltóns na barriga dunha cegoña.



Paula e Nina 2º B

O LOBO

Sabías que... cando o lobo vai en busca da presa pode percorrer ata 80 km ó día?



Os lobos adultos mastigan a carne das presas antes de darlla ós cachorros.

Sabías que os primeiros días dos que acaban de nacer teñen as pálpebras pechadas e son cegos?

Verónica 2º B

OS GORILAS

Sabías que... as femias de gorila poden chegar a construír as súas camas a vinte metros do chán e que un macho adulto pode chegar a comer ata 30 quilos de plantas nun só día?



As persoas que se adican a estudar os gorilas imitan os seus gruñidos para comunicarse con eles.

Carmen 2º B

O LEÓN

Sabías que... un león pode chegar a comer ata 30 quilos de carne sen mastigar?



Cando o león máis forte vence ó outro, unha das súas tarefas é eliminar ós cachorros do seu antecesor, sobre todo se son pequenos.


Juan 2º B

OS GOLFIÑOS

Sabías que... os golfiños seguen os ronseis dos barcos, saltan, xogan e nadan xunto a eles?

O golfiño cando nace pesa entre 10 e 15 quilos.

Xavi 2º B



OS MOSQUITOS

Sabías que... os mosquitos e as polillas as atrae a luz?

Xoel 2º B




A TARTARUGA CAREI

Sabías que... a tartaruga carei, que na actualidade se atopa protexida, foi moi perseguida pola beleza da súa cuncha que se usaba para adornar e para facer obxectos como peites, caixas...

Nas costas galegas non son habituais as tartarugas mariñas, pero poden chegar ocasionalmente algúns exemplares ás praias ou ser capturados accidentalmente nas artes de pesca.

Nina 2º B



LENDAS DE BUEU

O NOME DE BUEU

Conta a lenda que nunha das moitas invasións que sufriu a nosa costa polos piratas a xente fuxiu a refuxiarse nos montes. Logo de varios días de destrución de todo canto era seu, un dos nativos xuntou ós veciños e díxolles: “ Non podemos agacharnos máis, temos que atacalos xa”. “Quen ven comigo?”.



Os veciños empuxados polas palabras do valente e pola rabia, empezaron a berrar: VOU EU!, VOU EU!, VOU EU!, VOU EU!...

Esa noite derrotaron e expulsaron ós invasores e tomou nome a vila: BUEU.

A PEDRA DE CABALO

Contan que ó establecer os lindes entre Beluso e Bueu non se poñían de acordo na pedra de Cabalo. Os veciños de Beluso propuxéronlle ós de Bueu que amarraran a pedra cunha cadea e eles o farían cun fío de lá. Pese ás condicións non foron capaces de arrastrala cara a Bueu, polo que pertence a Beluso e dise que “O Cabalo” mira para Bueu ríndose dos que non foron capaces de arrastralo.

O VERÁN DE SAN MARTIÑO

Fai moitos anos un soldado chamado Martiño viu un home vello e pobre medio espido, como era inverno o santo compadeceuse e doulle a súa capa.



Cando os seus superiores o viron sen ela castigárono a montar garda durante unha semana sen prenda de abrigo. Pero Deus, por o seu bo acto, tivo os días temperados e desde entón ó chegar San Martiño temos uns días en que non parece inverno.

ANCORADOURO

Din que a praia de Ancoradouro, chamáronlle así, porque por aquelas augas afundiuse



un barco cunha áncora que era de ouro.

A PEDRA FENDIDA

Din que fai moito tempo na punta de Agrelo houbo un dragón e que ese dragón partiu a pedra dun raio. Nese mesmo lugar os mouros tiñan un tesouro escondido para que o dragón os deixara tranquilos.

A LURA XIGANTE

Estando uns mariñeiros xogando unha partida de cartas na Illa, escoitaron o bufar dunha lura. Saíron entón asustados a ver o acontecido, atopándose cunha lura tan grande que na súa cuncha viñeron dous homes ata Bueu a moer un saco de cen quilos de millo.



O PASTOR E A SERPE

Na Illa había un rapaz que tódolos días ía ao monte co gando. Un serán viu que por debaixo dunha laxe saíalle unha cobra, mais tanto lle gustou que lle deu migallas do seu pan. Fixéronse amigos e tódolos días xantaban o panciño xuntos, e o rapaz xogaba coa cobra e agarimaba nela.

O mozo foi ó servizo e cando voltou o primeiro que fixo foi ir ó monte para ollar a súa cobriña; chegou alá, asubiou como acostumaba e saíu a cobra, mais tan longa e tan grosa, que o mozo colleu medo. A cobra non



recoñeceu ó rapaz, botouse a el, ensarillouno e matouno. Mais cando o tiña morto reparou nel, recoñeceu e aflixida botouse ó mar e morreu afogada.

A GALIÑA E OS PITOS

No monte de San Lourenzo existe a fonte da capela que obra o prodixio, na noite de San Xoán, de sacar unha galiña con pitos de ouro.

O MISTERIO DA COVA DA LONTRA

Había un monstro chamado Lontra do que dicían que comía os peixes e os mariscos dos mariñeiros da zona. O lugar onde se agochaba era unha cova que hai no penedo da Banda do Río, esta cova ten dous pasadizos dos que un deles vai dar á praia. En canto á lontra era un becho con forma de foca, aletas de peixe e boca de morsa. Ten atacado a moitos barcos para poder facerse coa comida.

O PAZO DOS PICOS

Conta a lenda que a “Casa dos Picos” foi habitada polos mouros e había un subterráneo que chegaba ata á Igrexa.

Dise que na Idade Media servía a dona Urraca para reunirse cos seus amoríos, e moito máis tarde para refuxiarse dos franceses na guerra.



UNHA DE LIBOREIRO

Hai moitos anos a xente dicía “Liboreiro, Liboreiro, canto ouro e prata tes meu”.

No Liboreiro dicían que había dúas minas, unha de ouro e outra de veneno. A xente incluso fixo buracos para ver se o topaban, pero nada apareceu. É o tesouro agochado dos mouros.

TESOUROS

Na noite de San Xoán, sae unha vella da súa cova en Paralaia a “asollar” ouro nunhas mantas e se alguén se achegara e dixera: “piopardo ó saco”, a vella encheríalle o saco de ouro. Preto da cova, que din que foi destruída, hai unha mámoa case que desfeita. A cova que recibe o nome de “buraco da moura” tiña varias galerías e pedras con debuxos.

UNHA DE TRASNOS


Un vello foi regar un campo e atopou un cepo. Colleuno e trouxo para a casa para face-lo pan; o cepo empezoulle a mexar polo lombo,-díxolle o home á muller, tráeme a luz. Entón díxolle o cepo: “Ja, ja eu non quero luz nin



candil, que eu son o trasno e quérome ir”.

UN TAPÓN NA ILLA DE ONS

Din que na illa de Ons hai un tapón e que se o abres desaparece a illa, e din que uns mozos descubriron o tapón e quixeron levantalo pero non puideron.

A SANTA COMPAÑA

Tódolos días, pola noite, sae a Santa Compañía iluminada por unha luz vermella.



Os primeiros en descubri-la son os mariñeiros que se atopan faenando, e permanecen mudos mentres observan o lento e silencioso camiñar dos mortos.

Conta a lenda que antes de desaparecer no cemiterio deixan un ataúde nalgunha porta, e alí onde o depositen xurdirá a morte.

Esta lenda foi moi sentida na Illa de Ons.

3º A.

CONTOS

O ELEFANTE AZUL



Erased unha vez unha manada de elefantes. Eran todos grises. O máis forte e gruñón da manada ía ter un fillo coa xefa da manada.

Pero..., pasou algo moi raro, o bebé elefante, que se chamaba Tobi, era azul! Todos asombrados miraban para el.


Cando xa tiña catro anos, Miguel e máis Marisa, dous elefantes con dez e sete anos, non o aceptaban ó igual que toda a manada.

Decidiron expulsalo.

Tobi decatouse de que ninguén o quería e finalmente morreu.

VERÓNICA, 2ºB.

O PARRULIÑO



Era unha pata que se chamaba Sara. Sara tiña un fillo chamado Miguel que era moi vago e traveso.

Un día saíron de paseo polo bosque e un raposo colleu ó parruliño. A súa nai desesperada empezou a buscalo por

todo o bosque. Atopouno nun recuncho.


A súa nai púxose entón moi leda. Miguel aprendeu a lección; tiña que estar sempre moi atento.

CARMEN, 2ºB.

O TRASNO SOLITARIO

Había unha vez un trasno, chamado David, que non tiña nin amigos nin animais de compañía e sempre andaba a pasear só polo bosque. Todos os animais escapaban a correr cando se atopaban con el.

Un día, no que estaba a cavilar no só que se atopaba, escoitou un ruído detrás del. Xirouse e viu a outro trasno coma el que estaba como buscando



algo. Entón David achegouse a el e díxolle:

- Perdeches algo?
- Si, busco ao meu cervo. E ti, quen es?
- Eu chámome David e vivo nesa casa de aí. E ti?
- Eu son Ramón, e a miña casa está detrás desá montaña.
- Se queres, axúdoche a buscar ao teu cervo-dixo David.
- Dacordo-contestou Ramón.

Ao pouco tempo atoparon ao cervo de Ramón case ao lado da casa de David, o trasno solitario.

Entón Ramón preguntoulle:

- Con quen vives?
 - Estou completamente só. Non teño nin siquera amigos-contestou David.
 - Non te preocupes, agora xa me tes a min-falou Ramón.
- Desde aquela David é moi feliz porque xa ten un bo amigo.

Katia Santomé Paredes 3º B

XAVIER VAI DE PESCA

Había unha vez un neno chamado Xavier que vivía nunha aldea chamada “Vila Peixes”.

Un día foi á praia cos seus pais e levou a cana de pescar. Despois de pedir permiso, foise pescar ás rochas, co desexo de traer o cesto cheo de peixes. Lanzou o anzol e, ao pouco tempo, notou que a cana pesaba moito. Coa forza que fixo case cae, pero ao final só eran algas. Tanto esforzo para nada!



Lanzou outra vez o anzol e... a esperar!

Ao cabo dun bo rato, sentiu algo na cana e dixo:

- Isto seguro que é un peixe.

Ao sacar o anzol... Acertou! Sacou da auga un fermoso e auténtico calamar, que era tan grande que non podía con el.

Roberto Pastoriza Rodríguez 3º B

ENE A UXÍA

Érase unha vez unha cadela que non tiña nome.

Estaba abandonada cerca dunha praia, cando Uxía a veu por primeira



vez. Era grande e de cor marrón .

Estaba triste e famenta, por iso cando Uxía lle dou un cacho do seu bocadillo, a cadela comeuno nun visto e non visto e comezou a perseguila nena para que lle dera máis. A vela a súa nai xogando ca cadela botoulle unha brouca por xogar con cans abandonados.

A Uxía deulle moita pena e pídelle a súa nai se podía levala para a casa, pero ela díxolle que non, de ningunha maneira que era unha cadela abandonada e non se sabía o que podía ter.

Uxía púxose moi triste e durante varios días non tiña ganas de xogar, nin de comer e menos de estudar. Solo tiña ganas , e non paraba, de falar daquela cadela que atopara na praia.

A súa nai e seu pai non podían vela tan triste, así que decidiron volvera aquel lugar para ver de topar a cadela.

Cando chegaron a praia viron que a cadela inda seguía alí, e o sentir esta a presenza de Uxía saltou tola de alegría e acercouse a nena. Esta mentres a acariñaba doulle de comer e beber e logo , como tolas puxéronse a xogar.

Os pais de Uxía, o vela tan contenta, decidiron quedar coa cadela.

Entón Uxía foi cando lle buscou un nome, Enea, e así atopou unha grande amiga para sempre.

Cando a levou o veterinario, este díxolle que era un boxer atigrado, unha raza moi amiga dos nenos. Así foi como Antía entendeu por Enea era tan cariñosa, saltareina, alegre e boa con ela.

E así foi como Enea tivo un fogar e Uxía unha amiga do máis fel.

Oxalá tódolos cans tivesen a mesma sorte que Enea.

4º Nivel.

O CABALO QUE QUERÍA SER LIBRE

Érase unha vez un cabalo branco. O seu soño estaba lonxe da realidade, pois quería ser libre.



O cabalo vivía nunha corte, e o seu dono non o trataba moi ben; non o coidaba moito nin o mimaba demasiado.

O fillo do amo era todo o contrario, era o seu mellor amigo.

Xosé, que así se chamaba o rapaz, sabía que o seu cabalo quería ser libre, e andar solto sen ningún tipo de ataduras, aínda que a el non lle gustara quedar sen o seu amigo.

O neno díxolle ó pai que o soltase, pero este non o quería deixar libre por que lle custara moitos cartos.

Entón Xosé tivo unha idea. Como non ía ben na escola decidiu facer un trato co seu pai: se melloraba na escola, deixaría solto o cabalo no monte, baixo a protección dos forestais. Ante este ofrecemento, e ca dubida de que Xosé cumprira, aceptou a proposta, esperando que inda como algo estraño o seu fillo mellorase.

Nesas últimas semanas de colexio o rapaz esforzouse máis e conseguiu mellorar moito as súas notas.

Cando o pai viu o esforzo do seu fillo, e polo tanto que cumprira a súa parte do trato, el aceptou deixar libre o cabalo.

Levaron o cabalo ata o monte, onde os gardas forestais coidarían. Ademais Xosé podería visitalo cando quixese.

Deste xeito todos foron felices e mentres Xosé comeu perdices o cabalo comeu herba.

4º Nivel.

UNHA PEQUENA RAPAZA

Había unha vez unha pequena rapaza que vivía nun fogar moi humilde, con moita pobreza, pero a nena era moi feliz.

Como os seus pais morreron, vivía co seu avó a quen ela quería con toda a alma, pero un día o avó enfermou e quedou inmobilizado nunha cama,



viñan a coidalo algúns veciños da aldea, pero o avó empeorou no estado de saúde, chamouna ao seu carón e doulle unha boneca de trapo e díxolle: Cando eu che falte acordaraste de min con esta boneca.

Pasaron uns poucos días e o seu avó foise para sempre, daquela a rapaza foina a buscar unha tía que tiña na cidade para levala con ela, pero a rapaza non quería marchar do seu fogar.

Aínda que non quería marchar, non lle quedou máis remedio, tivo que ir con ela, levando consigo a súa boneca de trapo.

Tivo que facer un grande recorrido: primeiro tiveron que camiñar un bo anaco ata que colleron un barco, logo foron nun tren ata chegar a cidade onde vivía a súa tía.

O vela cidade a rapaza quedou abraiada co que os seus ollos estaban a contemplar. Ela estaba acostumada as pequenas casas da aldea e o ver aqueles edificios que parecían que chegaban o ceo, aquelas rúas cheas de coches, A rapaza non puido máis e botouse a chorar.

Cando se calmou un pouco a rapaza díxolle a súa tía:

- Eu non quero vivir aquí, eu quero volver a miña aldea.

E a súa tía contestoulle:

- Nena este u o teu novo fogar.

E a rapaza díxolle:

- Eu non quero vivir aquí e quérome ir para miña aldea.

E de súpeto a rapaza botouse a correr e escapou de xunto a súa tía.

Correu moito, e chorou e chorou ata que encontrou unha fraga que lle recordaba a súa terra onde ela viña

A tía foi detrás dela, e encontrouna na fraga xogando coa súa boneca e estaba toda feliz

Logo a nena díxolle a súa tía:

- Xa non me importa vivir aquí conque me deixes vir a esta fraga a xogar.

E a tía díxolle:

- Acordo, deixareite vir a xogar.

A rapaza púxose moi contenta e pouco a pouco foise acostumando a vida na gran cidade, eso si sempre que teña unha pequena fraga.

4º Nivel.

CLARISA E BRISCO



Érase unha vez unha gatiña que se chamaba Clarisa.

A gatiña levaba tempo abandonada na rúa, ata que un día recolleuna unha nena moi fachendosa que se chamaba Sara.

Sara coidaba a Clarisa con todo o agarimo, dáballe de comer, de beber e tódalas noites cantáballe unha canción antes de durmirse.

Un día, Sara decidiu comprar un can, porque encontraba a Clarisa moi sola cando ela íase para o colexio. Aínda que Sara sabía que os cans e os gatos lévanse mal, pareceulle unha proba interesante.

O tempo foi pasando, e Sara sentíase mal o ver que Clarisa e Brisco, que así era como se chamaba o can, sempre estaban pelexando,

Entón decidiu facer unha cousa: pasar deles e ignorar as súas pelexas para ver o que facían.

Os días pasaban, ata que deixaron de pelexar, porque se non Sara non lles facía caso.

De esto sacamos que dous non pelexan si os demais non lle seguimos o espectáculo.

4º Nivel.

O MÁIS LISTO DA CASA

Nunha pequena granxa de Lalín vivían moitos animais, entre eles un gato que só soñaba con poder atopar un lugar onde non pasase frío. Para iso tivo que falar co coello que, como era a mascota do amo, vivía como quería. Un día o coello díxolle:

- Ola, gato!. Véxote algo canso, non?
- Si, home, como non vou estar canso.
- E logo, que tes?
- Que tes, que tes, e logo... non me ves. Estou máis canso que se estivese tres días sen durmir - replicou o gato.



- Entón...Ah! Xa sei o que che pasou, estiveches media hora intentando cazar un rato e como eres tan parvo non fuches capaz. Agora estás como estás.
- Non, home, non. O que pasa é que mentres ti durmes tan tranquilo na casa do noso amo, eu teño que facelo fóra, aguantando a chuvia e o frío – dixo o gato.
- Pois mira, eu teño unha solución.
- Cal?
- Mira, mentres meu amo está ceando, ti méteste dentro da casa e, ó día seguinte, saes sen que te vexa.

Grazas ó coello o gato puido durmir e descansar dentro da casa sen que o seu amo se dera conta.

Uxía 6º B.



POESÍAS

Na primavera
nacen as flores,
na primavera
hai moitas cores.



Detrás das flores,
agáchanse coellos,
e agáchanse tamén
tódolos meus amores.

2ºB.

Na primavera
temos unha casera.
Ela fainos marmelada de fresa,
e ás veces, un pastel de frambuesa.
O seu nome é Margarida;
é divertida e moi bonita.

NINA, 2º B.

O CANCIÑO DO MEU VECIÑO

O canciño
do meu veciño,
bebe viño,
come panciño e...
anda “borrachiño”,
polo camiño.

ANGEL, 2º B.




O MEU GATIÑO

Eu teño un gatiño,
moi bonitiño,
que cando lle dou cariño
dalle ó rabiño.

É negriño coma a noite
e ten un gran bigote,
gústalle comer peixiño
e cando o come ponse moradiño.

Ángela López 6º A.



A PRIMAVERA

Chegou a primavera,
a primavera chegou,
con ela os paxaros
e o sorriso do sol.

Chegou a primavera,
a primavera chegou,
as plantas recobran vida
e o inverno marchou.

Chegou a primavera,
a primavera chegou,
xa fai moi pouco frío,
xa comeza a calor.

Judit Cerviño 6º A.

A PRIMAVERA

Que fermosa é a primavera,
estación marabillosa,
a xente con ilusión espera
o aroma da rosa.
Das catro, é a primeira
esta estación primorosa.

Espárcese na pradeira
o aroma das flores.
Aliada do rosal e compañeira
da papoula reluciente de cores
que abandona a ribeira
con miles de olores.

Miriam Ferradás 6º A.

SOMBRAS DA NOITE

Fuxan as sombras da noite .
Saia o Sol sobre o horizonte
e veña a clara do día
alá por riba do monte .

Sombra que traes tristura.
Luz que me dás alegría.
Nunca prives ós meus ollos
de mirar a luz do día.

Para contemplar paisaxes,
tamén ós barcos da Ría
e a toda fermosura
que sen luz nunca vería.

Fuxan as sombras da noite.
Fuxan as sombras do día.

Angela María Rey 6º B

O CABALO

Andando nun prado
correndo e saltando,
mirei un cabalo
que estaba pastando.

Era moi fermoso
pero pequeniño.
Comía no toxo
preto do camiño.



Collino ás escuras,
peiteeino, limpeino
e con ferraduras,
máis tarde, calceino.

Quedou deitadiño.
Durmiu coma un neno
moi relaxadiño.
Estaba no ceo!

Uxía Pastoriza 6ª B

A PRIMAVERA

Primavera calorosa
que co teu cedo despertar
tingues de doces cores
prados e bosques
do meu lugar.



Primavera calorosa
que co teu cedo despertar
fas que as rosas fermosas
abran os seus pétalos
a fin do Marzal.

Primavera calorosa
que co teu cedo despertar
xardíns, campos e prados
cos seus vivos cores
vólvennos alegrar.

Alexandra Martínez 6ºB

O PEQUENO CAN

Ía polo monte
e atopei un can
bebendo na fonte
e comendo pan.

Leveino a pasear
polo noso porto,
tamén a pescar
co motor a bordo.

Dinlle de comer
filete de peixe,
tamén de beber
moito mel con leite.

Quedou a durmir
igual ca un pitiño
na casa de Luís
que é o meu veciño.

Jesús Santos 6º B


**COA MIÑA VECIÑA**

Estaba na casa
da miña veciña
lavándolle a roupa
e facendo a comida.

Despois de comer
freguei ben os platos,
barrín toda a casa
e limpei ó gato.

Ó día seguinte
a miña veciña
pasou por aquí
con boa cariña.

Pablo Reiriz 6º B

**A ROSA**

Na miña casa
hai unha rosa
de cor vermella,
marabillosa.

Está no xardín,
preto dun clavel,
e a súa fermosura
non a esquece ninguén.

O seu talo
é moi fermoso,
con moitas follas
pero xeitoso.

A miña rosa
É a mellor
Para regalarlla
Ó meu amor.

Sergio Torres 6º B.



ESPECIES EN PERIGO DE EXTINCIÓN

O ASNO:

O asno é un mamífero da familia dos cabalos. Foi domesticado polo ser humano e, desde entón, foi empregado nas labores de campo para tirar de arados, carros e outros instrumentos de labranza. Tamén se emprega como animal de monta.




Co desenvolvemento da maquinaria agrícola (tractores, colledoras, etc...) o emprego de asnos e a súa cría diminuíu moito, levando este animal case que a extinción. Ten as orellas moi longas, a cabeza relativamente grande e as cerdas do pescozo e o rabo moito mais curtas cas do cabalo. Do cruzamento do asno co cabalo obtéñense híbridos estériles, os mulos ou mulas de características especiais.

Katia Santomé Paredes (3ºB)
María Nogueira Regueira (3ºB)

O BOI:

Os bois son touros castrados que se empregan no campo, xa que son animais fortes e moi resistentes, aínda que este uso



diminuíu moito coa aparición e co desenvolvemento da maquinaria agrícola. Por iso, o principal motivo polo que actualmente se crían é para o seu destino como alimento do ser humano. A carne de boi é unha das máis consumidas. Hai unha gran variedade de razas dentro desta especie, con distintos tamaños, lonxitude de cornos, masa muscular, etc. A razas máis empregadas na cría do gando de carne son: limousine, charolés e as razas normandas.

Rubén Patiño Otero (3ºB)

O ARAO:

Os araos son aves mariñas que se somerxen na auga e que se caracterizan por posuír unha coloración negra por arriba e branca por abaixo, con manchas brancas nas ás e con peteiros de forma variable. Teñen dificultade para desprazárense pola terra porque as dedas das patas van unidas por unha membrana. Canto as ás, son curtas e utilízanas como remos cando se mergullan na auga. A súa alimentación consiste basicamente en peixes, crustáceos e moluscos. Hai 22 especies de



entre as cales cómpre destacar a do arao dos cons ou arao común que aniña nos cantís dos illotes da costa galega, concretamente na Isargas e no Cabo Vilán.

Pola catástrofe do Prestige miles de aves mariñas foron petroleadas e o arao dos estivo a piques de extinguirse.

Rudson Sanmartín Nunes (3ºB)

O OCELOTE:

A ubicación do ocelote exténdese dende o sur dos Estados Unidos ata América do Sur. Son de hábitos nocturnos, pasando a maior parte do día durmindo nas pólas das árbores ou agachados entre a vexetación.



As nais teñen de un a catro cachorros en cada parto. Estímase que críen cada dous anos. O período de xestación é de 70 a 85 días. As femias son adultas ao ano e medio, os machos aos dous anos. En cativeiro estímase unha lonxevidade duns vinte anos, é posible que moito máis curta na natureza. Aliméntanse de mamíferos medianos e pequenos; coma monos, morcegos e outros. Tamén comen reptís (caimáns xóvenes, lagartos e serpes) e os ovos das tartarugas.

Cazan aves e algúns son bos pescadores. O ocelote é un dos gatos grandes. De lonxitude mide entre 55 cm e un metro, máis a cola que pode lograr os 45 cm. Pesa entre 8 e 16 Kg.

Ao ocelote tamén se lle pode chamar gato onza. En inglés coñécese por ocelot.

Laura Rial (3ºB)
Patricia Torres (3ºB)
Lucía Martínez (3ºB)

O TIGRE:

Pertence á clase dos mamíferos, e á familia dos félidos. É un animal carnívoro, e a súa alimentación vai dende xabaríns e búfalos ata cervos. Son animais de gran lonxitude que poden acadar os 2,95m entre a cabeza e o tronco, unha altura de 90 cm e pesar 300 Kg.

O seu período de xestación vai de 105 a 113 días, obtendo unha camada de un a seis cachorros. Ao nacer as crías son cegas, pesan de 1 a 1,5 Kg, abren os ollos aos 14 días e son amamantadas durante mes e medio, permanecen xunto a nai ata o segundo ano.

A súa vida alcanza os 20 anos en estado salvaxe.

É un animal solitario que vive en zonas poboadas



de árbores e sobre todo nas xunglas e selvas, prefire as zonas boscosas.

Xeralmente caza só e de noite, a pesar do seu gran tamaño acecha ás súas presas en completo silencio, abalánzanse sobre elas dende moi curta distancia. Os machos móstranse agresivos con outros machos que merodean ou atravesan o seu territorio.

Durante a época de reprodución é sinxelo observalos compartindo unha presa coa femia, bebendo xuntos ou descansando en zonas cercanas á auga, pero é a femia soa a que se ocupa do coidado das crías.


Todas as subespecies de tigre considéranse ameazadas ou en perigo de extinción. As principais causas da súa desaparición son: a perda do hábitat pola deforestación, a súa capacidade para matar homes converteuno nun gran inimigo dos nativos en moitas zonas onde vive, e a máis importante é a caza furtiva debido ao valor da súa pel.

Roberto Pastoriza Rodríguez (3ºB)
Iria Rosas Regueira (3ºB)

O CROCODILO:

O crocodilo é un réptil anfíbio, de catro a seis metros de longo, eo corpo cuberto de escamas verde escuras, moi duras. A cabeza do crocodilo é achantada e o seu fociño moi longo. O seu lombo e o dorso da cola están percorridas por unha serie de cristas paralelas. A maioría dos crocodilos vive nos ríos tropicais, en que se somerxen cando teñen

calor e para axexar as súas presas, mantendo os ollos e os orificios nasais fóra da auga para poder ver e cheirar. Estes animais son uns temibles cazadores que atrapan, coas súas longas mandíbulas provistas de 66 dentes, as súas presas, principalmente peixes e tamén mamíferos que se achegan aos ríos a beber, como antílopes e cebras. Ademais do crocodilo do Nilo propio de África, tamén destacan o crocodilo dos pantanos, que habita nas augas doces da India; e o crocodilo mariño, nas costas que van desde a India a Australia. As femias de crocodilo poñen ovos nas beiras dos ríos e entérranos. As crías, ao naceren, miden apenas un palmo e son



transladadas pola súa nai, na boca, a un lugar afastado. Durante unha tempada os pequenos crocodilos viven na terra, alimentándose de insectos e anfíbios; despois entrarán na auga e comezarán a alimentarse de peixes. Os crocodilos poden chegar a vivir cen anos.

Mercedes Pretel González (3ºB)

O LOBO:

O lobo é un mamífero carnívoro da familia dos cans. Mide un metro de longo e algúns machos poden chegar a pesar 60 Kg.



Os lobos teñen a cabeza grande, o fociño alongado, as patas robustas e adaptadas para a carreira, e o seu pelame é espeso e de cor gris escura.

É un animal salvaxe que vive e caza en grupo. Habita en Europa, América do Norte e en Asia. Dentro de cada manda hai un macho e unha femia dominantes, que afirman a súa autoridade gruñindo ou mordendo suavemente no pescozo dos lobos de rango inferior.

Os lobos en mandas compactas que acosan as súas presas ata esgotalas polo cansazo e polos ataques permanentes.

Cintia Álvarez (3ºB)

**A CEBRA:**

A cebra é un mamífero orixinario de África moi coñecido pola súa pelame raiada característica. É máis pequeno co seu parente o cabalo e moi parecido no aspecto e hábitos ao asno salvaxe. Ten orellas grandes e unha cola terminada nun mechón de pelos escuros. O debuxo de raias escuras sobre fondo máis ou menos claro do pelame constitúe un camuflaxe perfecto no seu hábitat natural. Os inimigos principais da cebra son os leóns e os cazadores, que aproveitan a carne e a pel.

Nalgunhas zonas de África, as cebras utilízanse en carreiras de tiro e son animais moi comúns en zoolóxicos e circos. Distínguense tres especies de cebras e varias subespecies segundo as variacións na disposición das raias da pelame.

Laura Rial (3ºB)
Patricia Torres (3ºB)
Lucía Martínez (3ºB)




CARTA DAS ANTÍPODAS

Nos primeiros días de febreiro deste ano, a alumna Aida Queimaño Soage de 5º de Primaria do noso centro, recibe unha sorprendente e inesperada carta desde Australia onde un *fillo de Bueu*, afincado desde hai máis de corenta anos nese país, felicítábala por un dos seus traballos publicado na revista “Os Galos” de Bueu.

Esta carta que reproducimos textualmente, servíu para establecer un contacto entre Manolo e Aida.

Blackburn, 30 de enero de 2007



Hola querida Aida:

Estoy seguro que te sorprenderá recibir una carta de tan lejos (casi en la antípoda) y de una persona que no conoces ni tal vez hayas oído de ella. Aunque mi nombre no tiene importancia alguna, permíteme que me presente y explique el motivo de esta carta. Mi nombre es Manolo González y, aunque soy de la Graña, en Bueu, llevo más de 40 años dando tumbos por este mundo de Dios.

De vez en cuando recibo alguna información de ese rincón querido y por mi muy añorado. Hace poco llegó a mis manos una revista titulada “Os Galos”, a la

que con gran cariño leí casi todo su contenido, aunque me avergüenza el no entender algunas de las palabras en gallego como yo quisiera (algunas son distintas de cómo lo hablábamos en mi juventud). En esta revista encontré en la página 28, bajo el título “**Homenaxe aos náufragos**”, un hermoso trabajo tuyo “**O barco Montrove**” cuyo contenido me emocionó mucho. Pues verás, en mis años mozos trabajé en la Marina Mercante. El 10 de enero de 1966, el mercante español “**Monte Palomares**”, de 149 metros de eslora y casi 13.000 toneladas, viajaba de Norfolk (USA) hacia Barcelona cargado de maíz. Debido a una depresión tropical (casi un ciclón) este barco se hundía en medio del Atlántico Norte. De los 38 tripulantes solamente 6 hemos sobrevivido. Por eso que, al leer tu artículo, no pude resistir la tentación de escribirte y felicitarte por el gran significado que tiene para mí su contenido. Sí, hay otros participantes que han sido premiados justamente. Que me perdonen los demás pero, aunque hicieron un excelente trabajo y merecedores de los premios, no me han tocado mis sentimientos. En la misma revista “Os Galos” y en la misma dedicatoria “Homenaxe aos náufragos” publicaron hace un par de años uno de mis poemas, dedicado precisamente al “**Monte Palomares**”.

Ojalá sigas creciendo con tu espíritu literario y que tengas mucha suerte en tus estudios. Recibe también mi pesar por la pérdida de tus familiares en el Montrove. Espero por mi parte no resultarte molesto.

Un cariñoso saludo

Manolo

A finais de febreiro, Aida sorprendida gratamente pola carta recibida, decide poñerse en contacto con Manolo e, ó mesmo tempo, pídelle que lle relate a emocionante e trágica historia do naufragio do **“Monte Palomares”**. A finais de marzo recibe a seguinte contestación:

Blackburn, 18 de marzo de 2007

Hola querida Aida:

Hace unos días recibí tu carta en la cual me pides que te explique lo del **“Monte Palomares”**. Trataré de ser breve, pues puedo asegurarte que tiempo no me sobra precisamente.

